

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito administrativo II				
Materia	Dereito administrativo II			
Código	V03G720V01414			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Fernández Acevedo, Rafael			
Profesorado	Fernández Acevedo, Rafael Gómez Fernández, Diego Sobrino García, Itziar			
Correo-e	racevedo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Na materia Dereito Administrativo II trátase de completar o estudo da parte xeral do Dereito administrativo a través da análise do proceso ante a orde xurisdicional contencioso administrativo. Así mesmo, abórdase o estudo da teoría dos bens da Administración, unha introdución ao réxime do persoal ao servizo da Administración, a teoría das formas da actividade administrativa, as sancións administrativas e a garantía patrimonial do administrado, que comprende as institucións da expropiación forzosa e a responsabilidade patrimonial da Administración.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe		
Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe
Nova	A1	
	A2	
	A3	
	A4	
	A5	

Contidos
Tema

O control xudicial da acción administrativa. O contencioso administrativo (I)	1. Formulación xeral do contencioso administrativo. 2. O ámbito da xurisdición. 3. Os órganos da xurisdición. 4. O recurso contencioso-administrativo. 4.1. As partes. 4.2. O obxecto do recurso.
O control xudicial da acción administrativa. O procedemento contencioso-administrativo (II)	1. O procedemento ordinario en primeira ou única instancia. 2. O procedemento abreviado. 3. Os procedementos especiais. 4. Os recursos contra providencias, autos e sentenzas. 5.Execución de sentenzas. 6. Medidas cautelares.
A expropiación forzosa	1. Evolución histórica e concepto actual. 2. Lexislación aplicable. 3. Elementos da expropiación forzosa 3.1. Suxeitos da expropiación. 3.2. A causa ou fin da expropiación 3.3.O obxecto da potestade expropiatoria 4. O procedemento expropiatorio 4.1. A declaración de necesidade de ocupación. 4.2. O acordo de necesidade de ocupación. 4.3. A determinación do justiprecio. 4.4. O pago e toma de posesión 4.5. A expropiación urxente 5. As garantías do expropiado 5.1. Os intereses de demora 5.2. A retasación 5.3. O dereito de reversión
A responsabilidade patrimonial da Administración.	1. Concepto. 2. A responsabilidade por actos lexislativos e polo funcionamento da Administracion de xustiza 3. Os requisitos da responsabilidade patrimonial da Administración. 3.1. A lesión resarcible 3.2. A imputación do dano 3.3. A relación de causalidade 4. Extensión e cálculo da reparación. 5. A reclamación administrativa de responsabilidade. 5. O principio de unidade xurisdicional. 6. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións públicas
As formas da actividade administrativa	1. Criterios de clasificación da actividade administrativa. 2. A actividade administrativa de policía ou de limitación. 2.1. Caracterización xeral e principais manifestacións. 2.2. A técnica autorizatoria. As declaracións responsables e as comunicacións previas. 2.3. A delimitación administrativa de dereitos. 3. A actividade administrativa de fomento. Especial referencia á subvención. 4. A actividade administrativa de servizo público. 5. Outras formas de actividade.
As sancións administrativas	1. A potestade sancionadora da Administración 2. Os principios da potestade sancionadora 2.1. O principio de legalidade 2.2. O principio de tipicidad 2.3. A irretroactividad das normas sancionadoras desfavorables 2.4. A responsabilidade 2.5. O principio de proporcionalidade 2.5. Principio non bis in idem 2.6 A prescrición 3. O procedemento sancionador

Os bens públicos	1. Clasificación dos bens públicos e principios xerais. 2. Natureza xurídica e elementos configuradores do dominio público. 3. Dinámica da demanialidad. 4. Utilización do dominio público. 5. Protección e defensa dos bens de dominio público. 6. Determinados bens de dominio público.
O persoal ao servizo da Administración Pública	1. O sistema español de emprego público. Función pública e réxime laboral. 2. O acceso ao emprego público. 3. A carreira funcionarial. 4. Contido da relación funcionarial. 5. Os dereitos colectivos dos funcionarios.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34	40	74
Estudo de casos	52	20	72
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo
Estudo de casos	Resolución de supostos prácticos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Serán abordadas e resoltas as dúbidas formuladas polos alumnos sobre os contidos do tema, e na realización e desenvolvemento dos exercicios e traballos propostos
Estudo de casos	Serán abordadas e resoltas as dúbidas formuladas polos alumnos sobre os contidos do tema, e na realización e desenvolvemento dos exercicios e traballos propostos

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Valorarase a asistencia activa do estudante, é dicir, a asistencia e a participación de calidade na resolución dos casos e nas diversas cuestións que se expoñan no seminario. A mera asistencia non se valorará.	10	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os alumnos realizarán un exame teórico/práctico sobre os contidos da materia abordados nas sesións maxistrais e/ou nas clases prácticas.	70	A1 A2 A3 A4 A5
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do cuatrimestre realizaranse probas obxectivas co fin de determinar os coñecementos e competencias adquiridas polos estudiantes nas clases prácticas e maxistrais.	20	A1 A2 A3 A4 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para participar na avaliación continua será requisito indispensable que o/a alumno/a suba a súa ficha de estudante á plataforma TEMA antes de que conclúa o primeiro mes de clase.

As cualificacións obtidas nos seminarios e as probas tipo test manterase na segunda oportunidade de exame do curso académico.

Para aprobar a materia é preciso obter un mínimo dun 5 entre o exame final e a avaliación continua. A cualificación máxima

que pode obterse no exame final será de 7, sumándose á puntuación obtida no devandito exame a que correspondense na avaliación continua. Para que esta suma teña lugar será requisito imprescindible obter un mínimo de 3.5 sobre 7 no exame final.

Por acordo da Xunta de Facultade, os/as estudantes que non sigan a avaliaicón continua ou aqueles que faltasen a máis dun 15 por cento das sesión presenciais terán dereito a un exame final teórico-práctico sobre o 100% da nota, distinto do anterior, no que se avaliará a adquisición de todas as competencias globais da materia.

Convocatoria extraordinaria fin de carreira: a) Tipo de exame: Os/as estudantes realizarán un exame teórico-práctico sobre a totalidade dos contidos da materia; b) Sistema de avaliación: o 100% da calificación virá determinada polo resultado do exame teórico-práctico.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas

de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade e publicadas na Web http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es.

Non está permitido levar ao examen ningún dispositivo electrónico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gamero Casado, E., **Derecho Administrativo**, última edición, Tecnos,

Esteve Pardo, J., **Lecciones de Derecho Administrativo**, Última edición, Marcial Pons,

Fuentetaja Pastos, J.A. y Parada Vázquez, R., **Derecho de la Función Pública**, Última edición, Civitas,

Martín Rebollo, L., **Leyes administrativas**, úlitma edición, Aranzadi,

Menéndez, Pablo y Ezquerra, Antonio (dirs.), **Lecciones de Derecho Administrativo,**, 1ª Ed., Civitas-Thomson Reuters,

Parada Vázquez, J.R., **Derecho Administrativo, Tomos I, II, y III**, última edición, Open Ediciones Universitarias SL,

Santamaría Pastor, A., **Principios de Derecho Administrativo**, última edición, Iustel,

Bibliografía Complementaria

Sánchez Morón, M.,, **Régimen Jurídico de los Funcionarios Internios**, Última edición, Aranzadi,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito administrativo económico/V08G081V01945
Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual)/V08G081V01947

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sistema xudicial español e proceso civil/V08G081V01403
Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501
Dereito do traballo e da seguridade social/V08G081V01504
Dereito internacional privado/V08G081V01602
Dereito procesual penal/V08G081V01601

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/V08G081V01103
Dereito: Dereito constitucional II/V08G081V01204
Dereito administrativo I/V08G081V01401

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que estas se desenvolverán total ou parcialmente mediante as ferramentas telemáticas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, Faitic).
Se fose o caso, poderiase establecer un plan de continxencia que derivase nunha modalidade mixta, na que unha parte do

estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono. Neste caso manteranse igualmente as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos do alumnado e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.